

Chaves e Verín asinan a Carta Europea de Seguridade Viaria

O presidente da Cámara Municipal de Chaves, João Batista, e o alcalde do Concello de Verín, Juan Manuel Jiménez Morán asinaron no día 16 de outubro de 2009 a Carta Europea de Seguridade Viaria, impulsada pola Comisión Europea co fin de reducir o número de vítimas de accidentes de tráfico.

Esta actuación permitirá desenvolver accións concretas, entre os municipios de Chaves e Verín, no ámbito da educación e seguridade viaria como son: realización de charlas-coloquios dirixidas a grupos de risco - alumnos/as de centros educativos, embarazadas, 3ª Idade e persoas con discapacidade ou mobilidade reducida-, reforzo do traballo das forzas e corpos de seguridade na regulación e ordenación do tráfico, desenvolvemento de campañas de seguridade viaria destinadas a reducir os accidentes de tráfico, promoción de cursos de educación viaria anuais co obxectivo de indicar cal debe ser o comportamento como peón, pasaxeiro e condutor; eliminación de barreiras arquitectónicas, mantemento e reposición de sinais de tráfico e sobre todo, repetir en anos posteriores, a 'Semana da Seguridade e Educación Viaria' na Eurocidade Chaves-Verín.

Nesta actividade participaron a Dirección General de Tráfico, Jefatura Provincial de Tráfico, Agrupación Guardia Civil de Tráfico de Verín, Policía Local de Verín, Policía de Seguranga Pública e Guarda Nacional Republicana de Portugal. E a través da realización de charlas-coloquios e xornadas prácticas, como exposicións, exhibicións de medios, teatro ou actividades con karts, mostráronse actuacións conxuntas.



Eurocidade premiada como "Destino Turístico de Futuro"

A Eurocidade Chaves-Verín recibiu o premio de 'Mellor Destino Turístico de Futuro', concedido pola revista Viajes y Turismo, que distingue aos destinos nacionais e internacionais con iniciativas innovadoras e pioneiras no ámbito do desenvolvemento turístico. Este galardón recoñece o patrimonio termal, histórico e turístico dos municipios de Chaves e Verín; así como, a labor de divulgación do destino e a asociación deste ao termalismo, saúde, benestar e natureza.

Nesta edición, a revista Viajes y Turismo tamén premiou a Galicia como "Completo destino turístico mirando cara ao Ano Xacobeo". Xunto con Galicia, na sección nacional, resultaron galardoadas Ciudad Real, El Puerto de la Cruz, San Nicolás de Tolentino (Gran Canaria), D.O. Jamón de Teruel ou a comarca Entreparques de Castilla-La Mancha, entre outros. Xa dentro do apartado internacional os premios repartíronse entre India, a rexión de Campania (Italia), Malopolska (Polonia) e Madeira (Portugal).

I Concurso de Fotografía "Recursos Históricos e Naturais da Eurocidade Chaves-Verín"

A Eurocidade Chaves-Verín promove o primeiro concurso fotográfico 'Recursos históricos e naturais da Eurocidade', destinado aos/ás nenos/as e mozos/as de ambos municipios e co fin de incentivar a súa capacidade artística, o interese pola fotografía e a importancia dos recursos naturais, históricos e culturais de Chaves e Verín.

As bases para participar no concurso fotográfico 'Recursos históricos e naturais da Eurocidade Chaves-Verín' son os seguintes:

1º.- Obxectivo

Despertar o interese pola fotografía, e coñecer os recursos históricos e naturais do Concello.

2º.- Tema

Libre nos procedementos técnicos a empregar, deberá obedecer ao tema xenérico 'Recursos históricos e naturais da Eurocidade'.

3º.- Destinatarios

Nenos/as e mozos/as con idades entre os 6 e 15 anos.

4º.- Traballos

Os traballos a concurso serán individuais. Non está permitida a fotografía manipulada. Os traballos poderán entregarse en papel fotográfico (dimensións de 20 cm x 15 cm) ou en formato dixital a través dun CD. Cada participante poderá participar con tres exemplares.

5º.- Prazos e formas de entrega

Os traballos a concurso deberán entregarse no Gabinete de Apoio Técnico da Eurocidade - Concello de Verín - e no Centro de Recursos Educativos de Chaves - Centro Cultural de Chaves -, ata o 16 abril de 2010, nun sobre pechado, onde no reverso de cada traballo ten que colocarse o título, pseudónimo co que participa (será o mesmo para todos os traballos), un segundo sobre, pechado, indicando no exterior o pseudónimo do participante e no seu interior: nome completo, data de nacemento, enderezo e teléfono.

6º.- Premios

O/a vencedor/a recibirá unha cámara fotográfica.

7º.- Xurado

O xurado será constituído por:

- Representante do Gabinete da Eurocidade
- Representante dos colexios de Chaves
- Representante dos colexios de Verín
- Representante da Cámara de Chaves e Concello de Verín

8º.- Utilización dos traballos

Logo da avaliación dos traballos e entrega de premios os traballos pasan a ser propiedade da Eurocidade.

9º.- Resultados

Os resultados do concurso serán publicados na Axenda cultural da Eurocidade correspondente ao mes de maio, indicándose igualmente o lugar e data da exposición de todos os traballos que terá lugar nos meses de maio e xuño no Municipio de Chaves e Concello de Verín.

10º.- Decisións do Xurado

Todas as propostas deberán cumprir o procedemento indicado, en caso contrario serán eliminados do concurso. As decisións do xurado non poderán ser obxecto de recurso.



Eurocidade.

2º.- Tema

O tema do concurso é libre e ten como obxectivo a creación dunha mascota, que representará á Eurocidade.

3º.- Tipo de traballos

Os traballos deberán ser colectivos e realizados en calquera tipo de material.

4º.- Número de traballos

Cada escola poderá participar cun traballo.

5º.- Formato

Os traballos deberán ter as dimensións máximas de 40x75 cm.

6º.- Ciclos

- A - Infantil
- B - Primaria

7º.- Identificación dos traballos

Na base de cada traballo debe colocarse unha etiqueta, onde conste: o nome do colexio e o ciclo.

8º.- Prazo de entrega

Os traballos deberán entregarse antes do 26 de marzo de 2010, no Gabinete de Apoio Técnico da Eurocidade -Concello de Verín- e no Centro de Recursos Educativos de Chaves -Centro Cultural de Chaves-. Cando se faga entrega do traballo, deberá encherse unha ficha de inscrición para achegar co traballo.

9º.- Xurado

O xurado será constituído por:

- Representante do Gabinete da Eurocidade
- Representante dos colexios de Chaves
- Representante dos colexios de Verín
- Representante da Cámara de Chaves e Concello de Verín

10º.- Premios

O traballo vencedor recibirá un ordenador e o primeiro exemplar da mascota. Todos os participantes recibirán un certificado de participación. A maqueta da mascota vencedora será adaptada a un modelo en 3D, podendo sufrir modificacións en canto ás cores e o material.

11º.- Utilización dos traballos

Logo da avaliación dos traballos e entrega de premios os traballos pasan a ser propiedade da Eurocidade. A Eurocidade utilizará devanditos traballos nas exposicións e feiras nas que participe e sempre que o estime oportuno.

12º.- Resultados

Os resultados do concurso serán publicados na Axenda cultural da Eurocidade correspondente ao mes de maio, indicándose igualmente o lugar e data da exposición de todos os traballos que terá lugar nos meses de maio e xuño no Municipio de Chaves e Concello de Verín.

13º.- Decisións do Xurado

Todas as propostas deberán cumprir o procedemento indicado, en caso contrario serán eliminados do concurso. As decisións do xurado non poderán ser obxecto de recurso.



Concurso: Mascota da Eurocidade Deseña ti o "Chavín"

Os Concellos de Chaves e Verín organizan un concurso para deseñar a figura da mascota da Eurocidade: 'Chavín', que será utilizada en todas as actividades deportivas, educativas e culturais que se realicen nos dous municipio.

As bases para participar no concurso son as seguintes:

1º.- Destinatarios

O concurso está destinado aos colexios de primaria e secundaria da